

Xabier López López

UN TESTEMUÑO MAGNETOFÓNICO

¿Lembra os desfiles de Leningradskij, os que remataban nas mesmísimas portas do Kremlin? ¿Aqueles nos que logo resultou que a meirande parte dos mísiles eran de cartón? ¿Si? Pois algo parecido matinou o Goberno, o noso lexítimo, ilexítimo, representativo, irrepresentativo, provisional e definitivo goberno co asunto dos bombardeos. Porque a cousa, como no caso dos soviéticos, estaba en confundir, en enganar á aviación inimiga e aliada, en trabucar ás tropas invasoras, salvadoras e supervisoras. En poucos días, xa case toda a cidade sabía a razón daquela peregrinada de camións e guindastres cara á montaña, a qué obedecían esas luces que constelaban ás noites os riscos da serra. Moitos de nós non dabamos creto, porque o asunto aquel parecía imposible. Imposible, cousa dun conto... Aínda hoxe, ao que o penso devagar e toco con coidado estas paredes...

Todos os medios de comunicación reproduciron as advertencias sobre o perigo que entrañaba que a alí, vaites, que a aquí, se achegasen excursionistas ou curiosos. Porén, o segredo e era un segredo ás voces: o Goberno, o noso lexítimo, ilexítimo, representativo, irrepresentativo, provisional e definitivo goberno construíra, a uns quince quilómetros da cidade, unha cidade idéntica. As mesmas avenidas e as mesmas rúas, as mesmas prazas, rotondas e travesías, os mesmos edificios e monumentos... Todo feito de cartón, de cartón pedra. Como aqueles mísiles de pacotilla dos desfiles rusos; como os decorados da cinema ou do teatro. Todo para enganar aos aviacións e salvagardar a nosa seguridade; todo para que as bombas estourasen lonxe e non fixeran ningún dano.

Con todo, para o remate dos traballos xa non se escoitaban aviacións no ceo. ¿O motivo? Pois non lle sei dicir: uns falaron de paz, outros de tregua, outros de vitoria e outros tantos de derrota. ¡Ca! Fose como for, pois tamén houbo quen dixo que pararan por puro cansazo, xa non sucaba o ceo ningún deses malfadados paxaros de ferro. Ora que para entón, a cidade de cartón era moito máis bonita ca cidade orixinal, toda chea de sucidade e de cascallos por culpa de meses e meses de bombardeos ininterrompidos. Así que non lle debe estrañar que, tan axiña como principiou a circular este conto que lle estou contando, a xente comezase a deixar as súas casas e a tomar o camiño cara á serra. En poucas semanas, manda truco, xa non quedaba alí ningún. E non crea, non; quitando o medo que lle temos á chuvia...

Aínda que se cadra vostede xa sabe que en determinados lugares as borrascas apenas incendian os ceos.

Xabier López López

